

RESOLUCIÓN do 12 de abril de 2023 pola que, rematado o prazo de reclamacións ás listas provisionais, apróbanse e fanse públicas as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, polo sistema de acceso libre, das prazas de persoal laboral fixo do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) no marco de estabilización de emprego temporal.

Mediante Resolución do 27 de febreiro de 2023 (DOG Núm. 55 do luns 20 de marzo de 2023) aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión.

Unha vez rematado o prazo e consonte o establecido nas bases da convocatoria,

### RESOLVO

**Primeiro.** Declarar aprobadas e facer públicas as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas.

**Segundo.** Indicar que as listas definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas son as seguintes:

#### LISTAS DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS

<b>Grupo:</b>	II	<b>Categoría:</b>	Técnico/a superior diplomado/a en informática	<b>Nº de postos</b>	1
---------------	----	-------------------	---	---------------------	---

Apelidos	Nomes	DNI
Vieites Seoane	Francisco José	***6330**

<b>Grupo</b>	II	<b>Categoría</b>	Xestor/a de documentación	<b>Nº de postos</b>	1
--------------	----	------------------	---------------------------	---------------------	---

Apelidos	Nomes	DNI
Rodríguez Agoure	Begoña	***8003**

#### LISTAS DEFINITIVAS DE PERSOAS EXCLUÍDAS

Non hai persoas excluídas.

A publicación dos sucesivos anuncios do tribunal efectuarase polo mesmo na páxina web do CISUG <http://www.cisug.gal/>.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Santiago de Compostela, a 12 de abril de 2023.

O presidente do CISUG

Julio E. Abalde Alonso